



Lugo Cultural está formado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), Concello de Lugo, Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, Xunta de Galicia e Novacaixagalicia, xestionado pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade.

O Espazo de Danza da USC comezou a súa traxectoria da man do seu director Juan Carlos Zahera dun proxecto titulado “A música en concerto coa imaxe e a danza”, no que se estreou a primeira coreografía de creación propia titulada “O Museo”, na Sala de Mosaicos do Museo Provincial de Lugo. Isto aconteceu en decembro de 1997, fai disto 14 anos, é un momento axeitado para facer balance do labor realizado e para relanzar a actividade dunha área universitaria totalmente consolidada.

Dende entón, o Espazo de Danza abriuse á participación de toda a comunidade universitaria (alumnos, profesorado, persoal non docente), para facilitarlles o acceso ao mundo da danza contemporánea, independentemente de que tivesen unha maior ou menor formación técnica. Producíronse 18 montaxes coreográficas e realizáronse máis de 60 actuacións en festivais, seminarios, mostras e reunións científicas. Ademais, moitas alumnas do espazo de Danza da USC, hoxe en día, son bailarinas profesionais de referencia, tanto no ámbito autonómico como nacional, traballando en diferentes Compañías de Danza como: o Centro Coreográfico de Galicia, a Cía. INTRODANS de Holanda, a Escola Superior de Danza de Lisboa, etc.

O Espazo de Danza da USC é tamén unha porta aberta para o desenvolvemento de liñas de investigación e creación arredor da danza contemporánea, de feito este ano fíxose un curso de **Formación en I+D+i** (aplicadas ás artes e novas tecnoloxías), proxecto da Fundación I2CAT de Cataluña e coordinado polo CEER, relacionado coas TICs e as industrias culturais, converténdose nunha iniciativa pioneira en Galicia.

Dende o principio vén mantendo en paralelo unha serie de accións formativas (cursos e talleres) e un traballo de produción propia (dúas Cías. de Danza), que se revelaron complementarias e imprescindibles para acadar un óptimo rendemento da actividade: de cara adentro actúa como un atractivo complemento académico e formativo, de cara ao exterior é unha eficaz embaixadora da USC como institución aberta e creativa.

Unha das referencias máis destacables do ano é a celebración do Encontro Universitario de Danza Contemporánea, este ano na súa novena edición, que organiza o Espazo de Danza da Universidade de Santiago de Compostela.

Con motivo do IX Encontro Universitario de Danza Contemporánea os días 13 e 14 de abril reuníranse Aulas de Danza de varias Universidades; Barcelona, Granada e A Coruña, a Cía. do bailarín Iago Anello, ademais das dúas Cías. de Danza da USC, e dúas Cías. Independentes da nosa Universidade.

Este ano cada un dos días vai a ser unha referencia ao **presente** e o **futuro** da nosa historia.

### **PRESENTE.-**

O mércores día 13 ás 20:30 h na Sala dos Mosaicos do MPL, amosarán as distintas Universidades invitadas de Barcelona, Granada e A Coruña as súas producións, xunto coa nosa Cía de Danza da USC.

O noso presente máis actual...

### **FUTURO.-**

O xoves día 14 teremos ás 11:00 horas unha exposición do proxecto de **Formación en I+D+i** (aplicadas ás artes e novas tecnoloxías), na Sala de Prensa da Vicerreitoría de Coordinación.

Por último ás 20:30 h na Sala dos Mosaicos do MPL, rematará o IX Encontro de Danza coa posta en escena da Cía de Iago Anello, das coreografías das dúas Cías. Independentes da USC e a actuación da Cía. de Danza da USC-Lugo.  
Todo un futuro por diante...

Para rematar dicir que o noso Encontro, ten como finalidade favorecer o intercambio cultural a través da Danza por medio das distintas propostas coreográficas das Universidades participantes. Achegar a danza ao público e contar a través dos distintos espazos da nosa Universidade as nosas inquiredanzas, compatir, coñecer as distintas experiencias e traballos en torno á Danza Contemporánea, convértense nun obxectivo principal.

Durante a súa estadía os participantes das Universidades invitadas realizarán unha visita guiada para coñecer a exposición **A Domus do Mitreo** na Casa do Saber da USC, en Lugo, guiada polo director do proxecto arqueolóxico Celso Rodríguez Cao.

Perante estes nove anos no Encontro participaron Compañías de Danza de moi distintos países entre as que destacan: Francia, Portugal, Lituania, Reino Unido, Italia, Méjico, Puerto Rico, Colombia...

Dirixido o Encontro por Juan Carlos Zahera, que nun ano difícil de guerras, terremotos, crises económicas e outras... Da xestión e involucración do equipo da Vicerreitoría, das ganas de loitar, da procura da beleza, do gusto pola arte, da aposta pola reflexión, xorde este Encontro tan variado e multidisciplinar.

---

Ponse luces!!! a novena edición do Encontro Universitario de Danza Contemporánea que nos permite gozar das tendencias actuais da danza, xa que a danza universitaria segue a ser unha referencia fundamental na nosa cidade.

**PARTICIPANTES**

- **Iago Anello Cía.**
- **Universitat Autònoma de Barcelona**  
Grup Estable de Dansa de la U.A.B  
  
Dirección artística: Carles Salas
- **Universidad de Granada**  
Grupo de Danza Contemporánea del CAD  
  
Dirección artística: Mercedes Peinado
- **Universidade de A Coruña**  
Aula de Danza da UDC  
  
Dirección artística: Rut Balbís
- **Universidade de Santiago de Compostela**  
Espazo de Danza da USC
  - Cía. de Danza da USC
  - Cía. de Danza da USC-Lugo  
Dirección artística: Juan Carlos Zahera

**Compañías independientes da Universidade de Santiago de Compostela**

- **Cía. Cisma. USC**  
  
Dirección artística: Xiana Vilas

**Cía. A Carioca. USC**

Dirección artística: Colectivo A Carioca

# LUGO CULTURAL

## PROGRAMA

### **13 de abril de 2011:**

**20:30 h. Sala dos Mosaicos. MPL.**

Universidades de Granada, Autónoma de Barcelona, A Coruña e Santiago de Compostela

#### **Universidad de Granada**

##### **Grupo de Danza Contemporánea del CAD**

Dirección artística: Mercedes Peinado

#### ***Spam by me***

"... Outras recomendacións inclúen mensaxes intermitentes sobre a pantalla que indiquen a necesidade de facer unha pausa ou incluso, como parte do xogo en si mesmo, que os personaxes empecen a cansarse. O que sexa para que os consumidores virtuais teñan un cable a terra...". Spam by me ou de como as novas tecnoloxías da información e a comunicación están remodelando as relacións interpersoais.

**Intérpretes:** Cristina Holanda, Félix González, Samar Ezart Abdel, Santiago del Hoyo, Estrella Martínez e Paula Román.

**Coreografía:** Mercedes Peinado

**Edición musical:** Andreas Húbner

**Música:** Max Ritcher, Cat Power, Tom waits, Rita Mitsouko

**Duración:** 15 minutos

#### **Universidade de A Coruña**

##### **Aula de Danza da UDC**

Dirección artística: Rut Balbís

#### ***Rede na rede***

Cada segundo no mundo oito persoas fanse usuarias de Facebook, así ata 500 millóns. Quen dá máis?

As redes sociais en internet son un dos medios de comunicación máis utilizados na actualidade en todo

o mundo. Os modos de uso que lles damos crean novos modelos de relacións humanas.

A Aula de Danza da UDC presenta este ano REDE NA REDE, unha peza creada en conxunto polos seus integrantes.

**Intérpretes:** Águeda Quintiáns, Alfonso Sangiao, Eva Fórneas e María José Conde

**Coreografía:** Rut Balbís

**Vestuario:** Aula de Danza UDC

**Música:** Collage musical  
**Duración:** 20 minutos

## **Universitat Autònoma de Barcelona**

### **Grup Estable de Dansa de la U.A.B.**

Dirección artística: Carles Salas

#### ***Cambio de cambios***

Eu sei que existo porque ti me imaxinas.

Son alto porque ti me cres alto e limpo porque ti me miras con bos ollos. Coa mirada limpa.

O teu pensamento faime intelixente e coa túa sinxela tenrura eu son tamén sinxelo e bondadoso.

**Intérpretes:** Milena Balasch, Diana D. Moreno, Anna Millán, Anna Casanova, Queralt Jorba, Iratxe

Recio de Lera, Marta R. Ruiz e María S. Ferrando

**Coreografía:** Carles Salas

**Vestuario:** Aula de Dansa de la UAB

**Música:** Varias

**Duración:** 20 minutos

## **Universidade de Santiago de Compostela**

### **Cía. de Danza da USC.**

Dirección artística: Juan Carlos Zahera

#### ***Empatía***

Diferentes conversas no espazo e no tempo, a través das cales difundimos a nosa linguaxe en movemento. Tres

relatos curtos independentes pero conectados entre eles.

**Intérpretes:** Sara Álvarez, Pamela Bustamante, Fiona B. McCuden, Marina G. López, Miguel Giménez, David Montenegro, Isabel Sánchez, Luis Valádez e Irene Visos

**Coreografía:** Amparo Novas

**Música:** Patricia Dallio e Wim Mertens

**Vestuario:** Espazo de Danza da USC

**Duración:** 20 minutos

### **14 de abril de 2011:**

#### **11:00 h. Sala de Prensa da Vicerreitoría de Coordinación**

Exposición do proxecto: **Formación en I+D+i** (aplicadas ás artes e novas tecnoloxías).

#### **13:30 h. Visita guiada por Celso Rodríguez Cao.**

#### **20:30 h. Sala dos Mosaicos. MPL.**

Iago Anello Cía, Universidade de Santiago de Compostela: Cía de Danza USC-Lugo, Cía A Carioca e Cía Cisma

## Iago Anello. Cía.

Inicia a súa andaina profesional no mundo da salsa en 2007, ano dende o cal traballa en eventos tanto a nivel nacional como internacional. Acada diversos títulos como campión galego, subcampeón da World Salsa Competition (Bélxica, 2008) ou terceiro posto no campionato nacional (España Salsa Open, 2009).

### **Mi bomba sonó**

O carácter máis ruador de ON2 New York Style. É un traballo no que destacan os elementos clásicos deste estilo con combinacións rápidas de pés, pachanga....

## Cía. A Cariona

Universidade de Santiago de Compostela

Cía. A CARIOCA

### **Latexo**

A necesidade de escoitar e deixarnos levar polos latexos do noso interior, eles permítennos crear e bailar, en definitiva...vivir.

**Intérpretes:** Luis Valádez, Marina García e Sara Álvarez

**Coreografía:** Marina García

**Escenografía:** Marina García e Mateo García

**Música:** Fleetwood Mac, Bob Dylan & Bill The Kid, Zap Mama, Hima e unha composición propia de A Carioca

**Músicos:** Bieito Miranda, Ricardo Boo e Sara Traba

**Vestuario:** Marina García

**Duración:** 17 minutos

## Cía. Cisma

Universidade de Santiago de Compostela

Cía. CISMA

### **Eu = X + (o resto)**

Fixen de min o que non souben  
e o que podía facer de min non o fixen  
vestín un disfraz equivocado  
tomáronme por quen non era,  
e non o desmentín e perdínme  
cando quixen quitar a máscara  
estaba pegada á cara.  
Cando tirei a máscara vinme no espello  
xa envellecera.

F. Pessoa (A tabaquería)

**Intérpretes:** Xiana Vilas, Isabel Sánchez e Fiona B. McCuden

**Coreografía:** Creación Colectiva

**Escenografía:** Pablo Barreiro

**Música:** Animal Collective, Nick Cave e Warren Ellis

**Vestuario:** Colectivo

**Duración:** 20 minutos

## **Universidade de Santiago de Compostela**

**Cía. de Danza da USC-Lugo**

Dirección artística: Juan Carlos Zahera

### ***Próxima estación ...***

Unha viaxe que leva as RAÍCES por maleta, pasando polo estado de GLOBALIZACIÓN que nos envolve. Afirmando

que nos queda un alento de ESPERANZA e móvenos á necesidade de SENTIDO E SENSIBILIDADE.

A viaxe non remata: próxima estación ... a súa parada.

**Intérpretes:** Rosa Acuña, Lola Fernández, Mar Freire, Yasmina Ietum e Marta Prada

**Coreografía:** Creación colectiva

**Texto:** Mar Freire

**Voz en off:** Kamila Paganelli

**Edición musical:** Miguel Basanta

**Música:** Dead can DANCE, OSHO, Mayumana, Youssou 'dour e Sara Tabares

**Vestuario:** Espazo de Danza da USC

**Duración:** 20 minutos